



ABELEIRA XIGANTE PURPÚREA

Corylus maxima "purpurea"

SABÍAS QUE...? A súa madeira é un bo combustible e proporciona un excelente carbón vexetal apreciado para a fabricación de pólvora e para debuxar.

Pertencente á familia Betulaceae. É unha especie de abeleira oriúnda do sueste de Europa e suroeste de Asia, desde os Balcáns ata Ordu en Turquía.

Nome común: Avellano gigante púrpura, Avellano de Lambert (cast.); abeleira xigante purpúrea (gal.); Purple leaved filbert (ing.).

Etimoloxía:

- *Corylus*: era o nome romano das abeleiras e o seu froito, a abelá, e deriva do grego *corys* 'casco', pois lle acompaña unha cuberta papirácea que se lle asemella
- *maxima*: do latín *maximus-a-um*, o máis longo

Descrición da especie: Pequena árbore que non excede os 10 m de talla, aínda que normalmente adoita presentarse como arbusto. Cortiza grisácea. Ramiñas peloso-glandulosas. As follas son redondeadas, cun bordo dobremente serrado, ás veces lobulado. Feixe verde escuro, glabro, con pelos nas nervacións do envés. Flores en amentos. Os masculinos de 5-7 cm de lonxitude, amarelados. Os femininos máis pequenos, ovoides. O froito é unha abelá producida en acios de 1-5 xuntas; cada unha totalmente encerrada nun involucro tubular. Disponse en grupos de 2-3 ou ás veces solitarias.

A abeleira de Lambert é moi parecida á abeleira común (*C. avellana*), e diferénciase en que ten as abelás máis encerradas no involucro tubular. Multiplícase por sementes. Os seus froitos son alimenticios e con valor comercial. Esta variedade cultívase máis como árbore ornamental para xardíns, polas súas follas púrpuras.

